

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001148	As Mariñas	Betanzos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0241	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0241_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0241_22	Equipos de trabalho, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	HADRIÁN LÓPEZ LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 28/2010, do 25 de febreiro, establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. Este currículo adapta a titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, determinase a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a prospectiva do título no sector ou nos sectores e as ensinanzas do ciclo formativo, entre outras.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacítalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

Competencias profesionais, persoais e sociais deste título directamente relacionadas co módulo de FOL :

- Integrarse na organización da empresa colaborando na consecución dos obxectivos e participando no grupo de traballo con actitude respectuosa e tolerante.
- Cumprir os obxectivos da producción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme aos principios de responsabilidade e tolerancia.
- Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- Exercer os seus dereitos e cumplir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- Xestionar a súa carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da producción e de comercialización.
- Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e responsable.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais	Presentación do módulo e introdución aos conceptos básicos	11	10
2	Identificación e avaliación de riscos	Riscos e danos no eido laboral xenérico e específico no eido laboral do sector	15	15
3	Planificación da prevención de riscos laborais	Plans de prevención, plan de emerxencias e implicación do persoal.	16	15
4	Medidas de prevención e protección	Prevención, protección, incendios e primeiros auxilios.	12	10
5	A relación laboral e o contrato de traballo	Introducción ó Dereito laboral. Contratos de traballo e condicións laborais xerais e específicas do sector	24	16
6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Modificación nas condicións e vixencia dos contratos. Extinción dos mesmos	13	12
7	A representación dxs traballadorxs e a negociación colectiva	Representantes dos traballadores, sindicatos, asociacións empresariais e negociación colectivas	8	5
8	A Seguridade Social	Rexímenes, continxencias e coberturas da Seguridade Social e funcionamento da mesma	13	11
9	O traballo en equipo	Comunicación, traballo en equipo e resolución de conflitos	6	3
10	A procura de emprego	A procura de traballo por conta alrea e orientación laboral	10	3

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais	11

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	Si

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o derecho á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das instalacións eléctricas e automáticas.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumplir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Identificación e avaliación de riscos	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacions de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicions de traballo e os factores de risco máis habituais do sector das instalacions eléctricas e automáticas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicions de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en instalacions eléctricas e automáticas.
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícaronse e describiríronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en instalacions eléctricas e automáticas.
CA2.4 Identificáronse as situacions de risco más habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en instalacions eléctricas e automáticas.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicions de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicions de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector das instalacions eléctricas e automáticas en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacions potenciais de traballo no sector das instalacions eléctricas e automáticas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Planificación da prevención de riscos laborais	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.3.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Medidas de prevención e protección	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Defínironse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizárónse os protocolos de actuación en caso de emergencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emergencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emergencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emergencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A relación laboral e o contrato de traballo	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacóns laborais, e recoñéceos en diferentes situacóns de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do derecho do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacóns laborais.
CA2.3 Identifícaronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícaronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicóns de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicóns habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en instalacóns eléctricas e automáticas.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola legislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícaronse os principais elementos que o integran.
CA2.12 Identifícaronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacóns laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en instalacóns eléctricas e automáticas.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicóns de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	13

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.6.e) Contidos
Contidos

Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A representación dixs traballadorxs e a negociación colectiva	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.7.e) Contidos

Contidos
O Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A Seguridade Social	13

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como piar do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da seguridade social.
CA3.3 Identifícaronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.8.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como piar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O traballo en equipo	6

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de trabajo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificáronse os equipos de trabalho en situaciones de trabajo relacionadas co perfil de técnico en instalacións eléctricas e automáticas e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de trabalho eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de trabalho.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de trabalho para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de trabalho.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de trabalho.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de trabalho en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.9.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de trabajo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector das instalacións eléctricas e automáticas segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A procura de emprego	10

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.10.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividad.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación

En primeiro termo, faise preciso mencionar que o módulo consta de dúas unidades formativas, quedando repartido o seu peso na cualificación do seguinte xeito:

- UF1 Prevención de riscos laborais: 40%
- UF 2 Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego: 60%

MÍNIMOS ESIXIBLES

Son os que figuran no punto 4 desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN XERAIS

- As cualificacións do alumnado calcularanse unha vez cada trimestre nas datas que estableza Xefatura de Estudos.
- É necesario recalcar o feito de que non hai avaliação continua, polo que cada avaliação é independente da outra
- A cualificación da avaliação será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN XERAIS: A NOTA FINAL DO MÓDULO

A nota final do módulo vai constar de:

- 40% nota da Unidade Formativa 1: Prevención de riscos laborais.
- 60% nota da Unidade Formativa 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da Seguridade Social e procura de emprego.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓNS

Para aprobar o alumnado ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5 resultado da suma das notas proporcionais das partes A e B

-PARTE A: (Actividades e tafefas) 30% da nota da avaliação.

-PARTE B: (Exame) 70% da nota da avaliação.

En caso de que a cualificación da avaliação sexa inferior a 5, o/a alumno/a nesta situación entrará dentro das actividades descritas no punto 6 a). desta programación denominado: PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS. En todo caso, ao non poder fixar as notas con decimais, no caso de ter que facer redondeo por existencia dos mesmos, o procedementos será o seguinte: se o decimal é inferior a 5, despreciarase. Se o decimal é igual ou superior a 5, incrementarase ata o enteiro superior máis próximo.

As tarefas serán entregadas por medios telemáticos. Todo o material de estudo estará a disposición do alumnado na aula Moodle da materia

A presentación inxustificada dos traballos fora de prazo poderá levar a unha cualificación de 0 nesa tarefa / actividade

A cualificación das tarefas farase por temas e será proporcional á porcentaxe establecida para cada un dos temas dentro desta programación.

O 70% restante da nota corresponderá á proba ou ás probas que se podan facer. Estas serán:

Escritas e/ou orais.

Presenciais ou telemáticas.

Celebrarase, como mínimo, unha proba escrita ao trimestre.

Poderán consistir en:

- preguntas tipo test (resposta múltiple con varias opcións, con ou sen penalización).
- preguntas cortas.

- preguntas largas.

As probas orais poderán desenvolverse polos medios telemáticos que se empreguen de xeito habitual nas aulas (Teams, Webex, etc.) ou de xeito presencial.

PROBAS TELEMÁTICAS:

Poderanse facer probas telemáticas por causas de saúde do alumno, do grupo, da profesora, do centro ou por disposicións oficiais de restrición de movementos.

Todo ou parte de o exame pode ser mediante proba oral.

As probas orais poderán ser gravados (só a voz) previa advertencia ao alumnado a efectos de documento de avaliación.

As probas telemáticas esixirán que o alumnado teña:

- Ordenador ou dispositivo con capacidade para poder facer a tarefa e ter conexión de vídeo e audio sen interrupcións.
- Conexión a internet con capacidade para poder facer a tarefa e ter conexión de vídeo e audio sen interrupcións.

No caso de exame telemático, o profesor poderá esixir que o alumno teña conectada durante o tempo de exame unha cámara que o enfoque mentras desenvolve as tarefas do exame.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que teña que recuperar algúns das avaliacións deste módulo, coa finalidade de que poda acadar os coñecementos e os mínimos esixibles establecidos nesta programación, terá que levar a cabo actividades de recuperación que poderán consistir en:

- Levar a cabo unha serie de actividades teórico-prácticas, baixo a supervisión do profesor. Ditas actividades, consistirán na entrega das tarefas que se determinen na aula Moodle do módulo para cada avaliación. Pode haber actividades de entrega obligatoria.
- Os exames establecidos coma EXAMES FINÁIS DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO CON PARTES NON SUPERADAS no mes de xuño.

A cualificación de dita proba, será de APROBADO no caso de que a nota sexa igual ou superior a 5.

A cualificación ten dúas partes:

1. Cualificación do exame: 80% da nota final. No caso de que non haxa tarefas de presentación obligatoria a cualificación do exame será o 100% da nota final da avaliación.
2. Tarefas consideradas obligatorias para o exame final 20% da nota final. As tarefas consideradas obligatorias son de presentación obligada porén non de aprobado obligatorio.

ALUMNADO CO MÓDULO DE FOL PENDENTE

Os alumnos que teñan o módulo de FOL pendente do curso anterior, serán informados ao comezo do curso sobre as datas de recuperación parcial que se realizarán durante o primeiro e segundo trimestre. No suposto de non superar éstas, excepcionalmente, e sempre e cando se houberan presentado as diferentes probas parciais, poderán realizar unha proba no mes de marzo. As diferentes probas consistirán en preguntas test e casos prácticos de cada unidade didáctica.

O alumnado que non superara o módulo pendente na avaliación do mes de marzo, fará unha proba xeral de todo o temario no mes de xuño de acordo coas datas que fixe o departamento. Para superar o módulo deberá obter unha puntuación de 5 ou superior na proba, que incluirá preguntas de carácter práctico e teórico.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que acade un número de faltas igual ou superior ó 10% da duración total do módulo perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria para o ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINA ao fin de superar o módulo, nas datas que fixe o departamento e/ou Xefatura de Estudos para o mes de xuño. Nesta proba, que versará sobre a totalidade de contidos do módulo, o alumno terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles, a través dun exame teórico-práctico.

A CUALIFICACIÓN SERÁ APROBADO no caso de que a nota sexa 5 ou superior.

- A unidade formativa 1 Prevención de riscos terá un valor do 40% dentro da nota global do módulo.
- A unidade formativa 2 equipos de traballo, dereito laboral e da seguridade social e búsqueda de emprego, o 60%

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación levarase a cabo:

- De xeito individual polo profesor cumplimentando no caderno do profesor o modelo seguimento da programación do xeito que se establezca no procedemento pertinente, analizando a adecuación das actividades realizadas polo docente e o alumnado, os recursos utilizados, os espazos e o tempo adicado a cada unidade didáctica. Este documento sevirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.
- O departamento de Formación e Orientación Laboral, levará a cabo un seguimento xeral do cumprimento da programación dentro dunha acción de intercambio de experiencias e mellora continua que se temporalizará como mínimo unha vez ó mes.
- A avaliación da propia práctica docente poderá levarse a cabo mediante enquisas anónimas a cumplimentar polo alumnado

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso na data establecida ao efecto polo equipo directivo, o equipo docente celebrará unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o tutor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

Por outra banda, ao inicio de curso o/a profesor/a do módulo levará a cabo unha avaliación inicial de coñecementos e/ou unha enquisa para coñecer o perfil do alumnado.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas segundo a normativa vixente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo xerais para alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados son:

1. Repaso guiado das unidades didácticas non superadas.

2. Titoría constante e permanente a través da aula virtual co apoio do correo electrónico.
3. Proposición de actividades de reforzo educativo alternativas.
4. Proposta ao tutor de avaliación por parte do departamento de orientación co fin de detectar dificultades de aprendizaxe

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O ensino dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante e plural continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de todas as etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a educación do/a consumidor/a, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural, entre outros) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

- Educación para a convivencia.

Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demás e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

- Educación para a saúde.

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

- Educación para a paz.

Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prejuízos, recoñecendo e valorando críticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

- Educación do/a consumidor/a.

Trataremos este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ao consumo e os mecanismos do mercado.

- Educación non sexista.

Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

- Educación ambiental.

A través da visualización de documentais televisivos reflexionarase sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións.

- Educación vial.

Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñados a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóveis.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

As actividades extraescolares son aquellas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Social, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria. Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

Incentivarase a participación do alumnado e tódalas actividades complementarias e extraescolares que se organicen no centro ao fin de desenvolver as "soft skills" cara á súa formación para a inserción laboral e a saúde laboral.

10. Outros apartados

10.1) USO DAS TIC

No mes de setembro, o docente facilitará ao alumnado a inscrición na aula virtual e a matrícula no curso deste módulo. Cando sexa posible usarase unha aula de informática do centro para estas tarefas e asegurarase de que o alumnado coñece o funcionamento do curso e da metodoloxía que se seguirá. Tamén afianzaranse as destrezas do alumnado no uso do curso virtual. A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) estarán plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro.

Utilizaranse principalmente dúas ferramentas TIC: a aula virtual e o disco duro virtual Google Drive.

Outros recursos TIC que se van utilizar ao longo do módulo serán motores de busca como Google ou Bling ou o portal Youtube para a visualización de vídeos, entre outras que servirán para a realización de distintas actividades